

DOUS ANOS DE APLICACIÓN DA LEI DE EUTANASIA

Segundo datos non oficiais difundidos publicamente, en Galicia accederon á prestación de axuda para morrer conforme ao previsto na Lei Orgánica de Regulación da Eutanasia 17 persoas dende que, hai case dous anos, se puido exercer o novo dereito a través da nova prestación sanitaria.

En 2022, en Galicia, terían recibido a axuda para morrer 8 persoas, o que supón o 0,022% do total de mortes nese ano (a media do Estado Español para o mesmo período é de 0,064), situándose a nosa Comunidade Autónoma só por diante de Murcia na cantidade relativa de persoas que accederon á prestación, e moi lonxe por exemplo de Navarra (0,206), Cataluña (0,128), Euskadi (0,101) ou Asturias (0,064). Galicia está no segundo posto pola cola entre as Comunidades Autónomas, e algo semellante ocorre co rexistro de testamentos vitais (Instrucións Previas) en que está en cuarta posición.

O próximo 25 deste mes cumpriranse dous anos de aplicación da Lei. Como xa se coñecía por outras experiencias noutros países era sabido que a forma de morrer mediante a axuda regulada na Lei non ía ser a maioritaria, e tamén que ía ir ascendendo progresivamente conforme a cidadanía fora mais coñecedora do novo dereito e o sistema sanitario fora organizando mellor o acceso á prestación. Aínda así o caso de Galicia merece unha análise propia.

Nestes dous anos a sociedade e os/as profesionais sanitarios/as recibiron con interese e normalidade a nova situación creada polo novo dereito. A nosa experiencia procedente do seguimento de determinadas solicitudes e de decenas de charlas e coloquios públicos así o confirman.

A pesares disto, en máis dunha ocasión producíronse situacións e defectos de funcionamento con consecuencias moi negativas para as persoas (atrasos en asignación de médico/a responsable, en dotacións do equipo básico, en facilitación do aprazamento da prestación, en no cumprimento dos prazos previstos).

Avanzamos. Non ocorreu nada daquilo que determinados sectores extremistas anunciaban respecto a unha resistencia activa e maioritaria á nova Lei. Moi ao contrario, a Lei foi asentando na práctica, tal como era esperable coñecéndose o apoio social e profesional enormemente maioritario que precedía á regulación.

Pero cuestións dependentes da Administración Autonómica Galega seguen sen resolverse: a día de elaboración desta declaración aínda non se fixeron públicos os informes obrigatorios de carácter anual, nin se impulsou a actividade informadora do novo dereito, nin se desenvolveu a formación adecuada, nin se artellaron accións para promover a realización e rexistro das Instrucións Previas.

Non cabe na conduta das Administración Públicas a pasividade diante dos dereitos recoñecidos ás persoas. Ao contrario, deben difundilos, protexelos, facilitar o seu exercicio e desenvovelos.

E en todo iso imos con atraso.

En Santiago a 21 de xuño de 2023

✉ dmdgalicia@derechoamorrir.org